

+ Emprego para Galicia

Principais cambios introducidos polo Real Decreto-Lei 28/2018, de 28 de decembro de 2018, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego



Emprego
Galicia

galicia



XUNTA
DE GALICIA

INTRODUCCIÓN

A entrada en vigor do *Real Decreto-Lei 28/2018, de 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego* ten suposto unha serie de cambios de elevada relevancia no mercado laboral e na afiliación á seguridade social, dentro do ámbito das competencias que lle son propias e exclusivas ao Goberno de España.

Nese sentido, a continuación farase un breve repaso polas principais claves ou aspectos modificados ou engadidos no ámbito laboral e de emprego.

Nota: Acceso á Real Decreto-Lei [neste enlace](#)

PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS

- **Obrigatoriedade da cobertura** de todas as contingencias (coa excepción dos traballadores por conta propia agrarios):
 - Comúns (enfermidade común e accidente non laboral)
 - Profesionais (accidente de traballo e enfermidade profesional)
 - Cese de actividade (duplica o seu período de duración)
 - Formación
 - Prevención

PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS

→ Actualización das achegas das persoas traballadoras autónomas para o 2019 da cotización:

- Incremento do 1,25% na base mínima de cotización (944,40€)(*)
- Para as persoas traballadoras autónomas con máis de 10 persoas contratadas por conta allea, a base mínima se establece en 1.214,10€
- Aumento do tipo de cotización por continxencias profesionais dende o 0,9% (2019) ata o 1,1% (2020), o 1,3% (2021) e posteriormente segundo o fixado nos Presupostos Xerais do Estado
- Aumento do tipo de cotización por cese de actividade dende o 0,7% (2019) ata o 0,8% (2020) o 0,9% (2021) e tamén posteriormente segundo o establecido nos Presupostos Xerais do Estado

(*) Nota: Excepción para as persoas autónomas dedicadas á venda ambulante

PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS

- **Beneficios** na cotización á Seguridade Social para as **persoas traballadoras por conta propia agrarias**:
 - Tipo de cotización do 18,75% cando a base de cotización elixida estea entre os 944,40€ e os 1.133,40€ mensuais
 - Se a base de cotización é superior aos 1.133,40€ mensuais, a contía que exceda desta cifra se lle aplicará un tipo de cotización do 26,50%

PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS

→ **Actualización da tarifa plana xeral** de cotización:

- Durante os 12 primeiros meses será de 60€ (se se cotiza pola base mínima) e se se cotiza por riba da base mínima, redúcese a cota por continxencia común nun 80%
- A partir do mes 13 e ata o 24 se manteñen a redución do 50% (do mes 13 ao 18), do 30% (entre o mes 19 e 21) e a bonificación do 30% (do mes 22 ao 24)

PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS

- **Actualización da tarifa plana** da cotización para persoas traballadoras por conta propia **agrarias**:
 - Os 12 primeiros meses será de 50€ (se se cotiza pola base mínima) correspondentes a continxencias comúns, non tendo que cotizar por cese de actividade e formación profesional
 - Dende o mes 13 e ata o 24 terán dereito a unha bonificación do 50% e reducións
 - Se reside nun municipio de menos de 5.000 hb., seguirá a pagar 50€ durante os seguintes 12 meses (sen aplicación das reducións ou bonificacións correspondentes)
 - Mozos menores de 30 anos e mozas menores de 35 anos, na situación de nova alta, terán unha bonificación adicional do 30% nos 12 meses seguintes

PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS

- **Actualización da tarifa plana** da cotización para persoas traballadoras por conta propia **con discapacidade e vítimas violencia de xénero**:
 - Durante os 12 primeiros meses será de 60€ (se se cotiza pola base mínima) correspondentes a contingencias comúns, non tendo que cotizar por cese de actividade e formación profesional (50€ nos agrarios)
 - Dende o mes 13 e ata o 60 teñen dereito a unha bonificación do 50% na base de cotización por contingencias comúns
 - Se reside nun municipio de menos de 5.000 habitantes, seguirá a pagar 50€ durante os seguintes 12 meses (e lle será de aplicación a bonificación durante os 36 meses restantes)

PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS

- **Bonificación ás traballadoras autónomas** que se reincorporen tras ter cesado por maternidade, adopción, garda, acollemento ou tutela se se reincorpora dentro dos dous anos inmediatamente seguintes:
 - Dereito a fixar unha cota mensual de 60€ durante os 12 primeiros meses seguintes á alta (ou do 80% da cotización por continxencias comúns, no caso de optar por unha base de cotización maior)

PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS

- **Infracción laboral grave** pola utilización da figura de falso autónomo (“*dar de baixa nun réxime da Seguridade Social a traballadores por conta allea pese a que continúe a mesma actividade laboral a través dun réxime de traballadores por conta propia*”)
 - Se considerará unha infracción por cada un dos traballadores afectados
 - Grao mínimo (entre 3.126€ a 6.250€), grao medio (de 6.251€ a 8.000€) e grao máximo (de 8.001€ a 10.000€)

COTIZACIÓN RÉXIME XERAL

- **Actualización** das bases de cotización:
 - Incremento do 7% do tope máximo da base de cotización, situándose nos 45.070,10€ mensuais
 - Actualización das bases de cotización por continxencias comúns e profesionais do Sistema Especial para empregados do fogar
 - Actualización das bases de cotización por continxencias comúns e profesionais do Sist. Esp. para traballadores por conta allea agrarios
- O tipo mínimo da **tarifa de primas de cotización por continxencias profesionais**, pasa do 0,9% ao 1,5%
- **Inclusión obrigatoria** no Réxime Xeral de quen participe en programas de formación, prácticas non laborais ou prácticas académicas externas
- **Suspensión** do sistema de redución das cotizacións por continxencias profesionais **por diminución da sinistralidade laboral**

CONTRATACIÓN LABORAL

→ Contratos cunha duración inferior a 5 días

→ Recargo na cota empresarial, pasando do 36% ao 40%

→ A efectos de protección social, se aplica un “*coeficiente de temporalidade*”, polo que cada día traballado será considerado como 1,4 días de cotización (non será de aplicación para os contratos a tempo parcial, de relevo a tempo parcial ou contrato fixo - descontinuo)

→ Se **derrogan as medidas contractuais e incentivos á contratación** vinculadas á taxa de desemprego superior ao 15%:

→ O contrato indefinido de apoio a emprendedores

→ Os contratos de formación e aprendizaxe con persoas entre 25 e 30 anos

→ Os incentivos á contratación en novos proxectos de emprendemento

→ O contrato ao 1º emprego mozo e os incentivos aos contratos en prácticas

PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

- **Subsidio extraordinario de desempleo** (ata que a taxa de desempleo non se situase por baixo do 15%):
 - Elimínase o carácter temporal, prorrogándose indefinidamente
 - Presentarase un novo modelo de protección nos primeiros catro meses do 2019
- **Protección por desempleo** de determinados contratos para a formación e o aprendizaxe:
 - Aplicarase a cobertura da continxencia de desempleo nos contratos para a formación e o aprendizaxe subscritos nos programas públicos de emprego e formación (incluídas as escolas obradoiros e obradoiros de emprego)
 - Non ten carácter retroactivo para os xa en vigor

AFECTACIÓN SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL

- **Dado o carácter excepcional** do incremento fixado no SMI :
 - Non será de aplicación aos convenios colectivos vixentes a data de entrada en vigor do Real Decreto que fixa o dito SMI e que o estean a utilizar como referencia
 - Salvo pacto entre as partes negociadoras dos convenios xa asinados, utilizarase como referencia o SMI fixado no 2016 ou 2017 nos respectivos reais decretos nos que se fixaba
 - Sen prexuízo da modificación dos salarios inferiores ao SMI fixado no 2018 para o 2019, aplicando a compensación e absorción correspondente ata os 900€

SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL

- **Derrogación da medida de acompañamento** ao salario das persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil que subscriban un contrato para a formación e o aprendizaxe
- Os que actualmente están a gozar da dita axuda, **seguirán a percibila** ata a finalización do contrato ao que está vinculada a concesión
- Tamén poderán recibir a axuda as persoas que antes da entrada en vigor do Real Decreto – Lei tiveran celebrado un contrato para a formación e o aprendizaxe que dera dereito á obtención da axuda

+ Emprego para Galicia

galicia



XUNTA
DE GALICIA